# 17º CERTAME DE CÓMIC

## BASES

1. Dirixido a **xoves artistas non profesionais** de ata 35 anos cumpridos dentro do ano 2020.
   Establécense as seguintes categorías:
   **CATEGORÍA A: de 18 a 35 anos**
   **CATEGORÍA B: de 14 a 17 anos**
   **VIÑETA XOVE: menores de 14 anos**
2. Os traballos serán orixinais con textos en galego, de creación propia e inéditos, non debendo ter sido premiados en ningún outro certame ou concurso. **Tema e técnica libre** (cor ou branco e negro) en formato **DIN A-4 (210 mm x 297 mm)**. A extensión será de **4 páxinas para as categorías A e B,** e **de 2 a 4 páxinas para o Premio Viñeta Xove.**
3. A presentación das obras pode facerse de xeito individual ou conxuntamente entre guionista e debuxante, e poderán presentar tantas obras como desexen sempre na categoría correspondente. **Cada autor tan só optará a un dos premios.**
4. Os traballos presentaranse sen asinar, indicando no encabezamento o título ou seudónimo adoptado polo/a autor/a, e deberán ser enviados polo sistema de plica, é dicir, introducidos nun sobre pechado xunto con outro sobre de menor tamaño que conteña a fotocopia do D.N.I., nome e apelidos, enderezo postal, teléfono e enderezo electrónico.
   Se a obra a foi realizada con ordenador, xunto ás páxinas impresas débese xuntar unha copia en soporte dixital (CD ou Pendrive). O tamaño mínimo debe ser DIN A4 a 300 ppp, en formato PDF en RGB ou CMYK. As páxinas deben estar claramente numeradas.
   Poderán tamén enviar as obras por correo electrónico a *xuventude@cangas.gal*. A presentación será mediante un único correo que inclúa os dous documentos: o traballo en formato PDF e outro documento chamado PLICA con fotocopia do D.N.I., nome e apelidos, dirección postal, telefóno.
   A OMIX confirmará a recepción de orixinais e garantirá o tratamento confidencial do traslado dos traballos ao xurado.
5. **Os traballos deberán ser presentados antes do 5 de xuño do 2020** na Casa da Xuventude do Concello de Cangas (Rúa Real, 29_36940-Cangas_Pontevedra).
6. Establécense os seguintes premios:
   **CATEGORÍA A: PREMIO 500 €**
   **CATEGORÍA B: PREMIO 200 €**
   **VIÑETA XOVE: PREMIO 100 €**
7. A organización non se responsabiliza de posibles roturas ou extravíos das obras, que serán obxeto dunha exposición durante o **19º Salón do Cómic de Cangas** (13 ao 19 de xullo).
8. O xurado presidido pola Concelleira Delegada de Mocidade e Voluntariado do Concello de Cangas, estará composto por un número impar de persoas cualificadas neste campo artístico, recaendo a secretaría na técnica responsable de Xuventude.
   A Concelleira delegada de área será a encargada de nomear aos membros deste tribunal
   O xurado poderá declarar deserto calquera destes premios.
9. Os traballos premiados pasarán a ser propiedade do Concello de Cangas.
10. As bases serán publicadas na web do Concello de Cangas, no facebook de Xuventude e a través da prensa Local.
11. A participación implica a aceptación destas bases

*Cangas, 16 decembro 2019*

SALÓN DO CÓMIC E ILUSTRACIÓN CANGAS

Concello de Cangas
Concellaría de Mocidade e Voluntariado